

# Señsmo polÁtico en Belgrado

## Description

A rebeli3n serbia 3o o 3ltimo empurr3n a un r3xime esmorecente. Non foi o resultado de t3cticas de intelixencia sabiamente dispostas pola OTAN, sen3n a consecuencia dunha combinaci3n de atrevemento polÁtico da oposici3n e ampla toma de conciencia do podredoiro en que se convertira o poder en Belgrado.

A pesar do fraude, as elecci3ns do pasado 24 de setembro evidenciaron o significativo rec3o das forzas que apoian a Milosevic. Tanto nos comicios locais, como lexislativos, federais e ata nas elecci3ns provinciais en Voivodina, fíxose evidente o amplo respaldo social da oposici3n. Nin o propio r3xime foi quen de negalo. O cambio de escenario foi moi importante. Os radicais de Seselj e o Movemento de renovaci3n de Draskovic foron varridos electoralmente. Na capital, Belgrado, a oposici3n obti3a cento cinco representantes dun total de cento dez. Draskovic, que vi3a controlando a capital, obtivo un 3nico mandato. Seselj perd3a Zemun, a 3nica localidade que dirix3an. Municipalidades tan significativas como Novi Sad, Kragujevac, Krusevac ou Nis, pasaban a mans da oposici3n. Nas elecci3ns lexislativas federais, o trunfo da oposici3n foi igual de abrumador, unicamente minorado polos resultados de Montenegro, onde os aliados de Milosevic obti3an 47 escaños de 50 por mor do chamamento abstencionista do Presidente Djukanovic. Son cifras oficiais que evidencian o inmenso descalabro do r3xime.

A maiores do desenlace final de Milosevic, Kostunica ten por diante outras inc3gnitas a despegar. En primeiro lugar, en Serbia, donde inicialmente debe cohabitar cun goberno e un parlamento controlado polos partidarios de Milosevic. En segundo lugar, en Montenegro e Kosovo, volcados no independentismo. Hoxe, formalmente, o poder federal 3o m3nimo; o verdadeiro poder radica nas instituci3ns republicanas. As posibilidades de renovar a polÁtica serbia nestas condici3ns son remotas. 3 Iniciarase un per3odo constitu3nte? As pr3ximas elecci3ns lexislativas en Serbia est3n previstas para o outono do 2001. Un horizonte demasiado lonxano.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARQUIVO Balc3ns

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Novembro 7, 2000

## Meta Fields

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 20001007